

REUNIÓN DA COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO

Día: 16.02.2018 Hora: 10:30

A Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 16 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas orais

- 1.1 22022 (10/POC-003569)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre os motivos do descenso da facturación das lonxas galegas no ano 2017 e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para mudar a situación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 237, do 11.01.2018
- 1.2 22691 (10/POC-003742)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis
Sobre os beneficios que vai achegar para o traballo diario do Intecmar o □ "Atlas de histopatoloxía: moluscos bivalvos mariños de Galicia", publicado por unha das investigadoras dese instituto, así como sobre o seu contido concreto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018
- 1.3 22760 (10/POC-003753)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis
Sobre as obras executadas no porto de Santo Tomé, no concello de Cambados, para a construción de novos embarcadiros para embarcacións pesqueiras e os beneficios que se van derivar para o sector profesional da zona
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 242, do 18.01.2018
- 1.4 23330 (10/POC-003863)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores
Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da posición das confrarías galegas respecto das intencións da Consellería do Mar de abandonar a xestión das zonas marisqueiras, as razóns desa decisión e os posibles compromisos que podería asumir no tocante á evolución da produción marisqueira no caso de adoptar un modelo de xestión dirixido polo conxunto das confrarías de cada ría, así como as súas estimacións en relación co seu impacto no mantemento e na calidade do emprego dependente do mar
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018

- 1.5 23479 (10/POC-003906)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre a activación do plan de continxencias pola vertedura provocada o 5 de xaneiro de 2018 polo mercante portacontedores con bandeira de Liberia "MSC Eloane"
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 247, do 25.01.2018
- 1.6 23793 (10/POC-003967)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio
Sobre as consecuencias que está a ter a demora no pagamento ás organizacións de produtores do sector pesqueiro das axudas correspondentes aos plans de produción e comercialización financiados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, as previsións do Goberno galego e as medidas que vai adoptar ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 251, do 01.02.2018
- 1.7 24887 (10/POC-004128)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as medidas e as actuacións previstas polo Goberno galego para o ano 2018 para garantir a viabilidade da frota do cerco
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018
- 1.8 24947 (10/POC-004136)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José
Sobre o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 256, do 08.02.2018

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

Marta Rodríguez Arias

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8.^a, PESCA E MARISQUEO**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta Rodríguez Arias

P

Vicepresidente

José Alberto Pazos Couñago

P

Secretario

Juan José Merlo Lorenzo

EM

Vogais

Teresa Egerique Mosquera

P

María Ángeles García Míguez

P

Carlos Enrique López Crespo

P

María Montserrat Prado Cores

BNG

María Soraya Salorio Porral

P

Carmen Santos Queiruga

EM

María Dolores Toja Suárez

S

Julio Torrado Quintela

S

Daniel Vega Pérez

P

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 16.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 16.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 22022(10/POC-003569)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre os motivos do descenso da facturación das lonxas galegas no ano 2017 e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para mudar a situación

Publicación da iniciativa, 237, 11.01.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 10:27
Nº Rexistro: 22022
Data envío: 03/01/2018 10:27:06.338



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta oral na Comisión 8.ª**.

Hoxe podemos observar no portal de Pesca de Galicia como no conxunto do ano 2017 a facturación das lonxas de Galicia vén de rexistrar un descenso de máis de cinco millóns de euros (5.855.743,45), pasando dunha facturación de 497.520.440,69€ no 2016 a 491.664.697,24€ no 2017, o que supón un descenso do 1,20%, unha demostración de como as políticas da Xunta non conseguen trasladar as melloras macroeconómicas ao sector do mar en Galicia. Baixada que se é tomada en termos reais, implicaría un descenso de case un 3%.

Por todo o exposto, a deputada e deputado asinantes presentan as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en **Comisión**:

- Como o explica o Goberno galego o descenso da facturación das lonxas galegas fronte ao incremento rexistrado no PIB do país durante o último ano?
- Que vai facer o Goberno galego para mudar esta situación ?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo



Deputada e deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2018 10:27
Nº Rexistro: 22022
Data envío: 03/01/2018 10:27:06.338

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 03/01/2018 10:25:23

Juan José Merlo Lorenzo na data 03/01/2018 10:25:31

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 16.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 22691(10/POC-003742)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre os beneficios que vai achegar para o traballo diario do Intecmar o "Atlas de histopatoloxía: moluscos bivalvos mariños de Galicia", publicado por unha das investigadoras dese instituto, así como sobre o seu contido concreto

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 09:44
Nº Rexistro: 22691
Data envío: 11/01/2018 09:44:17.343

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª; Pesca e Marisqueo.**

Galicia é a principal rexión produtora de moluscos de Europa, o que motivou a creación en 1992 do Centro de Control do Medio Mariño de Galicia que, engadíndolle funcións e competencias se convertería no actual Intecmar, a partir de 2004.

O labor desenvolvido ao longo destes anos polo Intecmar convérteo en referente na súa materia, o que propicia que os seus técnicos sexan convidados a participar como expertos en distintas misións da Comisión Europea, que se manteñan colaboracións con distintas universidades españolas, ou involucrándose en diferentes proxectos de investigación de cooperación internacional.

No mes de maio coñecíamos que unha das investigadoras do Intecmar publicaba un atlas que identifica os organismos e as alteracións patolóxicas que afectan aos moluscos baixo o título "Atlas de histopatoloxía: moluscos bivalvos mariños de Galicia".

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. Que beneficios aportará este "Atlas de histopatoloxía: moluscos bivalvos mariños de Galicia" para o traballo que desenvolve día a día o Intecmar?
2. En que consiste este manual máis concretamente?

Santiago de Compostela, 11 xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 11/01/2018 09:39:20

Teresa Egerique Mosquera na data 11/01/2018 09:39:46

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 09:44
Nº Rexistro: 22691
Data envío: 11/01/2018 09:44:17.343

María Ángeles García Míguez na data 11/01/2018 09:40:06

María Soraya Salorio Porral na data 11/01/2018 09:40:18

Diego Calvo Pouso na data 11/01/2018 09:40:26

Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2018 09:40:35

Marta Rodríguez Arias na data 11/01/2018 09:40:51

Daniel Vega Pérez na data 11/01/2018 09:41:05

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 16.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 22760(10/POC-003753)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Crespo, Carlos Enrique e 7 máis

Sobre as obras executadas no porto de Santo Tomé, no concello de Cambados, para a construción de novos embarcadoiros para embarcacións pesqueiras e os beneficios que se van derivar para o sector profesional da zona

Publicación da iniciativa, 242, 18.01.2018



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 11:58
Nº Rexistro: 22760
Data envío: 11/01/2018 11:58:34.503

Á Mesa do Parlamento

Carlos E. López Crespo, Teresa Egerique Mosquera, Marian García Míguez, Alberto Pazos Couñago, Diego Calvo Pouso, Marta Rodríguez Arias, Soraya Salorio Porral e Daniel Vega Pérez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esta Mesa, a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo.**

O porto de San Tomé vén de mellorar considerablemente as súas instalacións logo de que Portos de Galicia acometese nos últimos meses a construción de novos pantaláns pesqueiros co obxectivo de ampliar a oferta de amarres.

O pasado 31 de agosto a Conselleira do Mar, acompañado polo presidente do ente público Portos de Galicia visitaban de primeira man as obras na zona portuaria destinada para embarcacións de terceira lista.

Agradecemos o esforzo inversor deste departamento que con esta medida dá resposta a unha demanda do sector da que poderá beneficiarse a partir de finais de ano.

Polo exposto, os deputados e deputadas abaixo asinantes, formulan as seguintes Preguntas Oraís en Comisión:

1. En que consistiron concretamente estas obras que se veñen de rematar no Porto de San Tomé no Concello de Cambados?
2. En que beneficiarán estas melloras para o sector profesional da zona?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2.018

Asinado dixitalmente por:

Carlos Enrique López Crespo na data 11/01/2018 11:56:34

Teresa Egerique Mosquera na data 11/01/2018 11:56:47

María Ángeles García Míguez na data 11/01/2018 11:56:56

María Soraya Salorio Porral na data 11/01/2018 11:57:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/01/2018 11:58
Nº Rexistro: 22760
Data envío: 11/01/2018 11:58:34.503

Diego Calvo Pouso na data 11/01/2018 11:57:09

Alberto Pazos Couñago na data 11/01/2018 11:57:18

Marta Rodríguez Arias na data 11/01/2018 11:57:40

Daniel Vega Pérez na data 11/01/2018 11:57:47

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 16.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 23330(10/POC-003863)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Toja Suárez, María Dolores

Sobre o coñecemento pola Xunta de Galicia da posición das confrarías galegas respecto das intencións da Consellería do Mar de abandonar a xestión das zonas marisqueiras, as razóns desa decisión e os posibles compromisos que podería asumir no tocante á evolución da produción marisqueira no caso de adoptar un modelo de xestión dirixido polo conxunto das confrarías de cada ría, así como as súas estimacións en relación co seu impacto no mantemento e na calidade do emprego dependente do mar

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2018 16:55
Nº Rexistro: 23330
Data envío: 16/01/2018 16:55:17.925



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Julio Torrado Quintela e María Dolores Toja Suárez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

A perda de produción marisqueira en Galicia é unha realidade que se vén comprobando nos últimos anos. Dende 2009 perdéronse numerosos permisos de explotación, xa que naquel momento existían en torno a 6500 permisos, mentres que no ano 2017 iniciouse con 3799. As queixas e reclamacións do sector son continuas, e os datos sobre o marisqueo seguen sendo baixos e dificilmente sustentables.

Existen problemas de contía e de produción nos bancos marisqueiros, e as confrarías galegas comprobán como, sistematicamente, as súas demandas vense apartadas e os problemas que poden ser causa das dificultades de produción son esquecidas.

Non entanto, a principal preocupación da Consellería do Mar vén sendo provocar e forzar que as confrarías asuman a xestión dos espazos marisqueiros, a pesares da súa limitada capacidade e a confluencia de intereses diversos, desbotando asumir como propias esas funcións. A consellería debe servir como institución de encontro das confrarías, á hora de coordinar as labores e accións a levar a cabo para mellorar as condicións e a produción. Pola contra, a incerteza actual sobre os modelos de xestións está provocando problemas porque resulta difícil para as confrarías asumir unha xestión completa de espazos e labores que son distintas, que se afrontan de maneira diferente en función dos lugares, e que levará a dificultades especialmente nas rías canto máis confrarías convivan.

O sector das confrarías ve con preocupación a situación, e demanda maior claridade e posibilidade de flexibilizar esta posición e obxectivo da consellería de desbotarse das súas propias responsabilidades.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2018 16:55
Nº Rexistro: 23330
Data envío: 16/01/2018 16:55:17.925



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente o Goberno de Galicia do rexeitamento que existe nas confrarías de Galicia sobre o intento da Consellería do Mar de abandonar as súas funcións da xestión dos espazos marisqueiros?
2. Que motivacións existen para que a Consellería de Mar abandone as funcións de xestión dos espazos marisqueiros?
3. Que compromisos podería adquirir a Consellería do Mar sobre a evolución da produción marisqueira no caso de adoptar un modelo de xestión dirixido polo conxunto das confrarías de cada ría?
4. Que estimación ten o Goberno de Galicia sobre a evolución que tería a xestión conxunta dos espazos marisqueiros, no que respecta ao mantemento e calidade do emprego dependente do mar?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2018 16:46:11

María Dolores Toja Suárez na data 16/01/2018 16:46:16

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 16.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 23479(10/POC-003906)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a activación do plan de continxencias pola vertedura provocada o 5 de xaneiro de 2018 polo mercante portacontedores con bandeira de Liberia "MSC Eloane"

Publicación da iniciativa, 247, 25.01.2018

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

Con data de 5 de xaneiro o mercante MSC ELOANE, un porta contedores con bandeira de Liberia, de 400 metros de eslora por 58,85 de manga deu aviso da perda de entre 30 e 45 contedores a 40 millas da costa.

Nos días seguintes abeiraron a diferentes puntos da Costa da Morte numerosos produtos e substancias procedentes da apertura destes contedores. A diversidade das crebas abeiradas, dende químicos (tinta impresoras), leite en po, tabaco, cítricos, botes pechados de todo tipo, e outros non foi contrastada por ningunha autoridade a efectos de determinar a cantidade, así como se algún deles podería ser considerado coma vertido perigoso e nocivo, ben para as persoas ou para o medio ambiente.

A partir do sábado día 13 son grupos de voluntarios os que interveñen na recollida autoorganizada desas substancias, en areas coma O Rostro, Lires, ou Lourido, entre Fisterra e Muxía. Do modo no que se desenvolveron os feitos non se deduce que tivera lugar a activación do Plan de Continxencias por parte da Xunta e os voluntarios foron os primeiros en chegar á recollida de todo este vertido. De feito a Xunta tardou varios días máis en dispoñer de medios para proceder á retirada e control dos mesmos.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 13:09
Nº Rexistro: 23479
Data envío: 17/01/2018 13:09:39.887

Cabe recordar que a xestión das continxencias por contaminación marítima accidental en Galicia incúmbelles, no seu ámbito de competencias, á Consellería do Mar, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, á Consellería de Sanidade e á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Á Consellería do Mar correspóndelle, entre outras, desenvolver a coordinación das competencias nas materias de salvamento marítimo e loita contra a contaminación.

Á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio correspóndelle, entre outras, a avaliación e o control da incidencia que sobre o ambiente provoque a actividade humana, o fomento de sistemas e estratexias de corrección desta incidencia, a participación no desenvolvemento de plans de continxencia fronte a catástrofes naturais ou antropoxénicas, así como a autorización das obras e instalación de verteduras desde terra ás augas do litoral galego e o exercicio das funcións de policía sobre este.

Á Consellería de Sanidade correspóndenlle, entre outras, as intervencións que supoñan exercicio de autoridade, necesarias para garantir a tutela xeral da saúde pública.

Á Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza correspóndenlle, entre outras, as competencias relativas ás materias de atención de emerxencias e protección civil, interior e seguridade.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Houbo resposta da Xunta activando o Plan de Continxencias fronte a vertidos accidentais?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 13:09
Nº Rexistro: 23479
Data envío: 17/01/2018 13:09:39.887

-Cales foron as medidas adoptadas, ó abeiro do Plan de Continxencias, polos distintos departamentos da Xunta de Galicia a respecto deste incidente de contaminación mariña accidental?

-Cal foi o alcance do vertido?.

-Independentemente do risco para a navegación, ¿supuxo o vertido, ou algunha parte del, algún risco potencial para as persoas, para o medio mariño e os espazos naturais e as súas especies ameazadas presentes na zona?

-Quen recolleu os vertidos e onde se van xestionar?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 17/01/2018 13:08:13



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/01/2018 13:09
Nº Rexistro: 23479
Data envío: 17/01/2018 13:09:39.887

María Montserrat Prado Cores na data 17/01/2018 13:08:18

Ana Pontón Mondelo na data 17/01/2018 13:08:20

Olalla Rodil Fernández na data 17/01/2018 13:08:21

Noa Presas Bergantiños na data 17/01/2018 13:08:23

Xosé Luis Bará Torres na data 17/01/2018 13:08:24

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 16.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 23793(10/POC-003967)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as consecuencias que está a ter a demora no pagamento ás organizacións de produtores do sector pesqueiro das axudas correspondentes aos plans de produción e comercialización financiados co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, as previsións do Goberno galego e as medidas que vai adoptar ao respecto

Publicación da iniciativa, 251, 01.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2018 11:08
Nº Rexistro: 23793
Data envío: 22/01/2018 11:08:07.368



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Dolores Toja Suárez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª.

Segundo a Política Pesqueira Común (PPC) as organizacións de produtores (OPP) son organismos creados por produtores do sector da pesca e recoñecidos oficialmente que se encargan da xestión diaria. Estas organizacións desempeñan unha función esencial no funcionamento da política pesqueira común e na organización común de mercados: orientan aos produtores cara á pesca e á acuicultura sustentables, en particular mediante a xestión colectiva das actividades dos seus afiliados, axudándolles a adecuar a oferta á demanda do mercado e a crear valor engadido. En definitiva, medidas relacionadas coa trazabilidade dos produtos, pesca máis selectiva, sustentabilidade de recursos e melloras na comercialización.

Debido á súa relevancia, creáronse distintos instrumentos para apoialas. Entre eles os plans de produción e comercialización, uns instrumentos innovadores que permiten a xestión colectiva das actividades dos produtores e grazas aos que as organizacións poden tomar medidas adecuadas para acadar os seus obxectivos. O Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) axuda á preparación e aplicación dos plans de produción e comercialización.

Os plans para as OPP están aprobados desde 2014, non obstante, na realidade ocorre que esas axudas están bloqueadas desde a súa orixe. A execución por parte da UE e Goberno do Estado é practicamente nula. En consecuencia, o sector do mar vese obrigado a anticipar os recursos co conseguinte custe financeiro.

A complexidade da súa formulación e a falta de criterios claros na elección de proxectos a financiar poden ser elementos que contribúan a unha baixa execución xeneralizada en toda a Unión Europea. De ser certas estas consideracións débese proceder a realizar cambios profundos no seo da Unión Europea, e o Goberno debería ter a iniciativa de dirixirse a Bruxelas con propostas claras que axuden a desbloquear esta situación e facela máis accesible e áxil.

Neste escenario, a conselleira do Mar anunciou en setembro do ano pasado que aboaría as axudas pendentes dos últimos exercicios (2014, 2015 e 2016) antes de finais do ano 2017.



 Grupo Parlamentario

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Coñece o Goberno galego as graves consecuencias que ten o atraso no pago dos plans de produción e comercialización ás organizacións de produtores?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2ª) Fixo o Goberno galego efectivo o pago dos plans de produción e comercialización ás organizacións de produtores, ao que se comprometeu en 2017, de non ser o caso, cando pensa facelo?

3ª) Vai o Goberno galego asumir os custes financeiros das organizacións de produtores, derivados do atraso no pago dos plans de produción e comercialización?

4ª) Que medidas vai adoptar o Goberno galego para que no futuro non se repitan estes atrasos?

Pazo do Parlamento, 22 de xaneiro de 2018

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 22/01/2018 11:03:44

Julio Torrado Quintela na data 22/01/2018 11:03:56

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 16.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 24887(10/POC-004128)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas e as actuacións previstas polo Goberno galego para o ano 2018 para garantir a viabilidade da frota do cerco

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á posta en marcha dun plan de viabilidade para a flota do cerco para o ano 2018, con medidas que permitan unha xestión normal e faga viable a flota.

A flota do cerco vai ter un ano moi complicado despois do reparto realizado en Bruxelas e aplaudido polo Ministerio e os responsables do Goberno galego, levando a cabo unha rebaixa do xurelo na IXa do 24%, o que supón unha caída de 14.373 toneladas, implicando que a flota do cerco vai poder pescar un 20,2% menos co que pescou no ano 2017.

Unha enorme redución da principal especie estratéxica para o noso cerco. Hai que lembrar que na zona VIIIc, xa tínhamos una cota de xurelo insuficiente, situación que se emendou pero que non se deu compensado coa subida do 21%. Nunha especie onde todos estábamos convencidos de que estaba en valores de RMS.

Unha zona a atlántica, IXa, na que contamos cunha ridícula cota de bocarte o que fai totalmente dependente a esta flota dunha especie sen regular, o xarda pintada ou “cabalón”.

A situación da xarda, cunha redución do 20%, tamén é preocupante o que aboca a este segmento da flota a unha situación insostíbel. Lembremos que do cupo outorgado



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 13:32
Nº Rexistro: 24887
Data envío: 01/02/2018 13:32:04.274

de 30.700 toneladas ó Estado español vese reducido polas multas de sobrepesca do 2009/2010 a diminuír o seu dereito de cota en 5.544 toneladas, seguindo a pagar de maneira lineal tanto quen realizou sobrepesca como quen realizou una pesqueira con medidas de control tanto nas cotas diarias, como nos días de actividade.

A todo este drama hai que engadirlle o peche da pesqueira da sardiña das augas ibéricas, a redución da cota e as diversas medidas implementadas para xestionar este recurso nas divisións CIEM VIIIc e IXa, sen que existan medidas paliativas, como as levadas a cabo para a flota lusa ou andaluza.

A situación é que verán reducidas de forma moi significativa as posibilidades de pesca desta flota, sen que encontremos no horizonte compromisos para buscar alternativas.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que medidas pensa adoptar o Goberno galego para garantir a viabilidade da flota do cerco para o ano 2018?

-Vai a reclamar medidas como recuperar as cotas sobrantes do ano anterior, intercambio de cotas con outros países, estamentos da flota ou asociación?

-Si é así en que datas pensa facelo?

-Pensa, a efecto de xestión, unificar as dúas zonas e a cota galega para un mellor reparto?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 13:32
Nº Rexistro: 24887
Data envío: 01/02/2018 13:32:04.274

-Ten intención de adoptar medidas subvencionadas de paro biolóxico, como as que están levando a cabo a flota andaluza e lusa?

-Cando pensa demandar do Goberno central a recuperación do dereito a pescar bocarte da flota galega na zona atlántica?

-Vai facer algunha actuación para que se modifique o actual modelo de reparto baseado en supostos dereitos históricos e defender un novo modelo de reparto proporcional ao número de tripulantes e que poña en valor as medidas de xestión e redución da actividade pesqueira?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2018

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALIGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 13:32
Nº Rexistro: 24887
Data envío: 01/02/2018 13:32:04.274

María Montserrat Prado Cores na data 01/02/2018 13:29:41

Ana Pontón Mondelo na data 01/02/2018 13:29:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/02/2018 13:29:46

Olalla Rodil Fernández na data 01/02/2018 13:29:48

Noa Presas Bergantiños na data 01/02/2018 13:29:49

Xosé Luis Bará Torres na data 01/02/2018 13:29:51

Reunión da Comisión 8.^a, Pesca e Marisqueo

Día: 16.02.2018

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 24947(10/POC-004136)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre o Plan xeral de explotación marisqueira para o ano 2018

Publicación da iniciativa, 256, 08.02.2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:26
Nº Rexistro: 24947
Data envío: 01/02/2018 18:26:50.102



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Santos Queiruga e Juan José Merlo Lorenzo, deputados do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 8ª**, sobre o Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2018.

O marisqueo vén definido na Lei 11/2008, de 3 de decembro, de pesca de Galicia (modificada pola Lei 6/2009) como o exercicio da actividade extractiva, a pé ou dende embarcación, nas zonas marítimas ou marítimo terrestres, de unha ou varias especies de moluscos, crustáceos, tunicados, equinodermos e outros invertebrados mariños, con fins de comercialización.

Con respecto á xestión das zonas nas que se realiza esta actividade, o Decreto 423/1993, de 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de marisqueo, extracción de algas e cultivos mariños, modificado polo Decreto 237/2002, de 11 de xullo establece que a extracción de marisco estará suxeita ao Plan Xeral de explotación marisqueira aprobado, con carácter anual, pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura (hoxe Consellería do Mar). É por este motivo que, mediante Orde do 22 de decembro do 2017, DOG. 246, a Xunta de Galicia publicou o Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2018.

Dentro deste plan, a Conselleira do Mar incorporou unha novidade, con respecto a outros anos, na xestión das zonas común de marisqueo. Nelas, tras a aprobación do Plan Xeral de explotación marisqueira 2018, a maior parte da xestión das zonas común de libre marisqueo pasan a ser xestionadas polas confrarías da zona. Este tipo de xestión, plantexado pola Consellería do Mar dende fai varios anos como unha “oportunidade para o sector de involucrarse”, era unha medida



maioritariamente rexeitadas polo sector posto que implica que as confrarías e asociacións, teñan que cargar coa redacción e xestión de un plan de explotación específico e asumir tarefas como a vixilancia, a realización de sembras, a limpeza dos bancos e todo aquel traballo de mantemento que precise a zona de libre marisqueo.

Esta novidade aparece como parche aceptado polo sector como resultado da presión que sofren hoxe en día polo deterioro das zonas de libre marisqueo xestionadas pola Xunta que veñen reducindo a súa produción dende 2012 e se atopa nunha situación insostible actualmente. É por isto que moitas das Confrarías aceptaron xestionar no 2018 directamente as zonas de libre marisqueo xa que non poden seguir dependendo de unha xestión tan deficiente por parte da Xunta de Galicia e necesitan investir para recuperar as zonas de libre marisqueo e revalorizalas.

Para as Confrarías, facerse cargo destas zonas de libre marisqueo é un custe económico a maiores dos que xa teñen os traballadores e as traballadoras do mar, custe que non terían porque asumir se a Consellería do Mar non presionase dando un servizo defectuoso e se fixera cargo da súa competencia directamente.

Con este cambio no modelo de xestión, que só ven propiciado polas políticas de desmantelamento dos servizos públicos e polos recortes en partidas orzamentarias tan importantes como as dependente da Consellería do Mar en materia de conservación e mantemento medioambiental do mar, o Partido Popular está confirmando que non é quen de xestionar o de todos e todas, non é quen de realizar o traballo de xestión do público que se lle asignou ao entrar no Goberno.

Polo exposto, formulamos a seguinte pregunta para ao seu debate en Comisión:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2018 18:26
Nº Rexistro: 24947
Data envío: 01/02/2018 18:26:50.102



- Confirma a señora Conselleira do Mar con esta nova modalidade de xestión das zonas de libre marisqueo no Plan Xeral de explotación marisqueira para o ano 2018 que o Partido Popular non soubo xestionar as zonas de libre marisqueo que dende o 2012 seguen perdendo capacidade extractiva?

Santiago de Compostela, 01 de decembro de 2018.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Juan José Merlo Lorenzo

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 01/02/2018 18:23:53

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/02/2018 18:24:00